



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
de ARQUITECTURA, A CORUÑA

Alegacións ao Anteproxecto da LEI DE ARQUITECTURA (LDA)

Remitidas pola Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC) da Universidade da Coruña

Desde a ETSAC seguimos valorando como moi relevantes as achegas por nos remitidas en abril deste ano e pedimos de novo que sexan tidas en consideración.

NOVAS CONSIDERACIÓNS

Revisado o texto normativo, a ETSAC non ve recoñecido o seu papel na articulación da lei como organismo estreitamente vinculado á Arquitectura en Galicia. Convén lembrar que a escola de arquitectura de Coruña é a única entidade que ten un recoñecido e contrastado prestixio, e cuxos integrantes teñen continuidade no tempo.

A lei presenta unha clara vontade de mellora da situación actual da arquitectura, pero non prevé mecanismos de financiamento ou reservas de fondos nos orzamentos xerais que permitan a súa aplicación plena. A Lei non recolle a necesidade de crear organismos que poidan xestionar, articular e desenvolver os principios que consagra o articulado. Estes organismos han de ter plena capacidade de actuación, carácter transversal e contar coa dotación orzamentaria que garanta o seu correcto funcionamento. Un organismo cuxa creación se entende imprescindible sería o Consello da Arquitectura que pode ser capital para o desenvolvemento adecuado da lei e para a súa correcta implementación.

A LDA aproxímase máis a unha declaración de intencións sen aplicabilidade que a unha lei, dado que non se dota de incentivos nin de elementos coercitivos para impoñer os criterios que declara promover ou defender. O articulado debería ter carácter normativo e preceptivo, co fin de garantir a protección dos valores inherentes á arquitectura de calidade que se pretende protexer, en atención á súa exposición de motivos. A redacción da lei transluce un carácter meramente orientativo e voluntarista cuxa efectividade descansa unicamente na boa disposición, isto resulta moi evidente por exemplo nos procesos de licitación.

É preciso recoñecer o valor social da arquitectura como un dereito fundamental dos cidadáns e que tan só podería entenderse a través dunha lectura moi ben intencionada do articulado e exposición de motivos, pero non aparece explicado de forma clara.

No articulado faise referencia ao concepto de calidade arquitectónica, pero este permanece na total indefinición.

Código Seguro De Verificación	uhN+KCG0knQHHSigIKjGgw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a ETS de Arquitectura - Plácido Lizancos Mora	Asinado	02/12/2021 09:20:17
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uhN+KCG0knQHHSigIKjGgw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A lei debe ser máis clara na defensa da propiedade intelectual da arquitectura, articulando procedementos para a súa protección e con especial atención a arquitectura a protexer con autores vivos.

Detéctanse carencias na determinación dos procesos de contratación da arquitectura, en concreto nos procesos concursais previstos:

- A identidade do xurado debe ser publicada no momento da convocatoria do concurso.
- Debe penalizarse a incongruencia nas entidades convocantes entre a oferta económica e as necesidades reais do demandado como obxecto do concurso e tamén a non adecuación lóxica dos tempos, atendendo de especial maneira aos tempos de desenvolvemento das propostas arquitectónicas.
- Deben de desaparecer dos xurados dos concursos aqueles funcionarios ou profesionais que carezan da formación adecuada para valorar un proxecto arquitectónico.
- Debe penalizarse a inclusión de volume de obra de baixa calidade arquitectónica como mérito dos concursantes.
- Todo o procedemento debe publicarse vía web nos prazos que permitan garantir a súa transparencia, recolléndose toda esta información e mesmo aquela referida á obra acabada nunha web específica que non resulte complexa e disuasoria para realizar calquera consulta. A inclusión de forma simultánea do procedemento de inicio e da forma na que finaliza o obxecto do concurso facilitará a corrección de todos os erros que poidan ir detectándose.

A Coruña, 2 de Decembro de 2021

Aso: Plácido Lizancos Mora

Director da Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña

Código Seguro De Verificación	uhN+KCG0knQHHSigIKjGgw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a ETS de Arquitectura - Plácido Lizancos Mora	Asinado	02/12/2021 09:20:17
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uhN+KCG0knQHHSigIKjGgw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

